Unha nova etapa comeza para os/as nosos/as fillos e fillas, entran ás aulas cheos de retos, de estímulos, de xogos, ilusións e experiencias.

Neste percorrido, eles e elas, as crianzas son as grandes protagonistas, pero dende as casas as súas familias tamén as acompañamos neste camiño.

Para facelo en conxunto, propoñémosvos que a ANPA sexa o noso punto de encontro común, onde sexa doado comunicarnos e axudarnos ante calquera obstáculo.

BENVIDAS/OS!!

Calquera dúbida, suxerencia, aportación podedes dirixirvos a:

anpaafroula@gmail.com

Facebook: ANPA A Froula Teixeiro

WhatsApp: 618 28 90 76

E mesmo persoalmente se o considerades oportuno a calquera dos/as que pertencemos á directiva

<u>Xunta directiva curso 2020-2021:</u>

Presidenta: Paula Pérez Ares

Vicepresidente: Carlos Freire Espiñeira

Secretaria: María Belén Sánchez Merelas

Tesoureira: Sonia Sánchez García

Vogal e representante no Consello Escolar: María del Carmen Buján Vázquez

Vogal: Mónica Casal Vidal

ANPA A Froula

CEIP de Teixeiro

¿Qué é unha ANPA?

Unha ANPA é unha asociación integrada por pais e nais do alumnado do colexio no que se atopan os/as seus fillos e fillas.

A ANPA é unha canle fundamental de participación dos pais e das nais na comunidade escolar.

A pertenza á mesma é voluntaria e pódese pertencer como asociado/a durante todo o tempo que os/as fillos e fillas permanezan no centro.

Está representada por unha xunta directiva composta de: presidente/a, vicepresidente/a, secretario/a, tesoureiro/a e vogais.

¿Por qué participar nunha ANPA?

* Como nais e pais queremos o mellor para os/as nosos/as fillas e fillos
- A través da ANPA as familias podemos ser escoitadas como colectivo nos colexios e na administración pública competente en materia de educación
- Podemos estar ao día como nais e pais do que acontece no lugar no colexio
- Pola necesidade de estar unidos/as á hora de reinvindicar aspectos que nos axuden a mellorar o noso colexio e o ensino público galego
- Porque para realizar a formación activa das famlias é necesario unir esforzos e ideas
- Porque un movemento de nais e pais agrupados fan que as iniciativas e peticións sexan vistas con maior atención e respecto polas administracións públicas, pola sociedade, polo profesorado,…
- Pola importancia de levar aos Consellos Escolares a presenza dos/as pais e nais organizados nas ANPAS para defender os intereses de todo o alumnado

Porque formamos parte da comunidade educativa. O colexio non é só profesorado e alumnado, tamén nós pais e nais, formamos parte del.

Porque existe un marco legal onde se ampara o noso dereito a participar na vida do centro escolar.

Porque é a nosa responsabilidade procurar o mellor na educación dos/as nosos/as fillos e fillas.

Finalidades dunha ANPA

Promover o principio de igualdade de dereitos de todos/as os/as alumnos e alumnas, sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo

Potenciar a participación da familia na vida do centro escolar

Promover a calidade educativa

Fomentar a convivencia entre a comunidade educativa

Representar a pais e nais no Consello Escolar

Informar e asesorar a asociados/as nas actividades propias da ANPA

Asistir e asesorar a pais e nais en todo aquelo que abrangue a educación dos/as seus fillos e fillas

Colaborar co profesorado e alumnado para o bo funcionamento do centro escolar

Para facerte socio/a podes:

1. Cubrir o seguinte formulario:

NOME E APELIDOS DO/DA PAI/NAI/TITOR:

1……

2……

DNI:

……/……

NOME E APELIDOS DO/A ALUMNO/A E CURSO:

……

……

DIRECCIÓN POSTAL:

……

TELÉFONO DE CONTACTO:

……/……

CORREO ELECTRÓNICO:

……

……

Se queres recibir mensaxes por whatsapp da lista de difusión marca aquí: ☐ MOI **IMPORTANTE: PARA RECIBIR AS MENSAXES TEDES QUE TER O NÚMERO DE TLF DA ANPA GRABADO COMO CONTACTO.**

2. Facer o ingreso de 15euros anuais na conta da ANPA ES36 2100 8031 7701 0007 8555

3. Mandar a información ben por correo electrónico a anpaafroula@gmail.com, por WhatsApp ó 618 28 90 76 ou no buzón da ANPA (na entrada do colexio)

Se che resulta complicado enviar os datos no formulario, podes escribirnos directamente ao correo electrónico ou whatsapp e mandalos xunto co xustificante de pago da cota anual